



CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Aprobación definitiva da modificación da base de execución 19ª do orzamento, reguladora das subvencións

O pleno desta corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de novembro de 2025, aprobou inicialmente o expediente de modificación da base 19ª de execución do orzamento vixente. De conformidade co disposto no artigo 169 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, expúxose o expediente ao público por prazo de quince días hábiles mediante anuncio publicado no BOP núm. 277, de data 2 de decembro do presente. Non téndose presentadas reclamacións ou alegacións á dita modificación esta enténdese definitivamente aprobada.

Mediante a presente procédese á publicación ao abeiro do artigo 169.3 do TRLRFL, do seu texto íntegro:

Base 19ª.- Subvencións.

1.- De conformidade da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, unicamente procederase ao outorgamento de subvencións previa tramitación do correspondente procedemento de concorrencia competitiva e convocatoria pública.

Sen perxuízo do anterior, estableceñse as seguintes subvencións nominativas, de acordo co previsto no artigo 22.2 da Lei 38/2003:

Aplicación	CIF	Nome colectivo	Importe
326.480	Q7755028C	CEIP Aquilino Iglesia Alvariño	1.320,00 €
	G27133602	AMPA do CEIP Aquilino Iglesia Alvariño	1.000,00 €
334.480	G27510122	Asociación Sociocultural Xinetes de Labrada	1.500,00 €
	G27423185	Club de Cabaleiros de Abadín	1.500,00 €
334.480	G06837611	Asociación Xuvenil Cultural e Deportiva "A Rumboia"	5.000,00 €
	G27430614	Asociación Xuventude de A Graña	1.500,00 €
	G44895431	Comparsa Argalleir@s	1.200,00 €
	G27247444	Asociación Deportivo Cultural "A Veiga" de As Goás	500,00 €
	G27462696	Asociación Cultural Reencontro de Argán	2.000,00 €
	G13813993	Coral Polifónica de Abadín	2.500,00 €
	G27249333	Asociación Cultural Ponte Vella de Moncelos	1.200,00 €
	G22757553	Asociación Cultural Abadtukada	1.000,00 €
	G19764174	Asociación Mulleres Rurais Afouteza de Abadín	2.000,00 €

334.480	G27201854	Asociación de veciños cultural e deportiva "Os Puchos"	3.500,00 €
	G27347756	Asociación de veciños "Arnela" de Castromaior	1.200,00 €
	G27314897	Asociación de veciños "Cruceiro de Lamagrande"	1.500,00 €
	G27259647	Asociación de veciños "El Futuro" de Fanoi	500,00 €
	G27358225	Asociación de veciños San Xoán de Vilarente	1.000,00 €
	G27244185	Asociación de veciños Santa Lucía de Candia	500,00 €
	G27485036	Asociación de veciños de Santiago de Quende	500,00 €
	G27291822	Asociación San Bartolomé de Cabaneiro "Monte da Corda"	500,00 €
	G13807037	Asociación de veciños San Pedro de Aldixe	1.000,00
334.480	V27144377	Monte Veciñal en Man Común "Corda de Neda" (Abeledo)	500,00 €
341.480	G16821399	Fútbol Sala Concello de Abadín	1.200,00 €
	G27335751	Montouto Club de Fútbol	1.500,00 €
	G27483213	Agrupación Deportiva e Cultural Abadinense	1.200,00 €
	G27283258	Abadín Club de Fútbol Cultural	1.200,00 €
	G10848430	Asociación Abateam - Club deportivo de tiro	1.500,00 €
TOTAL			39.520,00 €

A consignación orzamentaria no orzamento non supón ningún dereito do terceiro para esixir o seu aboamento, debendo cumprir o disposto na normartiva local en materia de subvencións e nas presentes Bases.

2.- Para o abono das subvencións ou axudas económicas que se poidan conceder, será indispensable acreditar os seguintes aspectos:

a) Memoria de actividades realizadas ao abeiro da subvención concedida.

b) Memoria económica de gastos e ingresos da actividade.

c) Certificación ou declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas fiscais coa axencia tributaria estatal, autonómica e coa Seguridade Social.

d) Xustificantes do pagamento dos gastos da actividade subvencionada (facturas ou documento equivalente). Excepcionalmente tamén se admitirán tickets de caixa ou equivalentes por un importe máximo de 50,00 € e o importe acumulado de tickets non poderán exceder de 300,00 €.

e) Declaración responsable de outras axudas ou subvencións de acordo ao previsto no artigo 13.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

3.- O órgano competente para a concesión das subvencións será o Alcalde-Presidente ou órgano en quen delegue e posterior formalización do convenio correspondente.

4.- Coa finalidade de atender gastos para a realización de actividades e previa solicitude poderá anticiparse ata o 80% do importe previsto.

O importe restante farase efectivo unha vez aportada a documentación xustificativa anual e comprobada a súa realización.

5.- O prazo máximo para presentar a documentación xustificativa será o 20 de decembro de 2025."

Abadín, 26 de decembro de 2025.- O alcalde, José M.^a López Rancaño.

R. 3643

*Anuncio***Aprobación definitiva dos expedientes de modificación de créditos núm. 15/2025, na modalidade de suplemento de crédito, e núm. 16/2025, na modalidade de crédito extraordinario**

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de novembro de 2025, aprobou inicialmente os expedientes de modificación de créditos nº 15/2025 e nº 16/2025 nas modalidades de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería por importe de 57.712,00 euros e de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería por importe de 16.636,48 euros, respectivamente.

Durante o prazo de exposición pública de quince días hábiles (BOP nº 277 de 2 de decembro de 2025) non se presentou reclamación algunha, polo que os acordos de aprobación iniciais quedaron elevados a definitivos.

Aos efectos legalmente establecidos no artigo 177.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, procede publicar agora o resumo por capítulos desta modificación, que é o seguinte:

ORZAMENTO DE GASTOS

Capítulo	Consignación antes do expediente	MC nº 15/2025 (SC nº 01/2025)	MC nº 16/2025 (CE nº 01/2025)	Total consignación
I	540.941,53	0,00	0,00	540.941,53
II	1.849.694,14	0,00	0,00	1.849.694,14
III	1.300,00	0,00	0,00	1.300,00
IV	94.688,34	57.712,00	6.600,00	159.000,34
VI	3.584.074,66	365.104,85	10.036,48	3.594.111,14
VII	1.359,44	0,00	0,00	1.359,44
VIII	0,00	0,00	0,00	0,00
IX	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	6.072.058,11	57.712,00	16.636,48	6.146.406,59

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo	Consignación antes do expediente	MC nº 15/2025 (SC nº 01/2025)	MC nº 16/2025 (CE nº 01/2025)	Total consignación
I	1.025.000,00	0,00	0,00	1.025.000,00
II	28.000,00	0,00	0,00	28.000,00
III	167.100,00	0,00	0,00	167.100,00
IV	1.489.467,34	0,00	0,00	1.489.467,34
V	0,00	0,00	0,00	0,00
VII	2.322.158,72	0,00	0,00	2.322.158,72
VIII	1.230.152,05	57.712,00	16.636,48	1.304.500,53
IX	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	6.261.878,11	57.712,00	16.636,48	6.336.226,59

Segundo dispón o artigo 177.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo Real Decreto, contra este expediente poderá interporse directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio.

Abadín, 26 de decembro de 2025.- O alcalde, José M.^a López Rancaño.

R. 3644

COSPEITO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO 2026

Quedando definitivamente aprobado o orzamento xeral e o cadro de persoal para o exercicio 2026 en sesión do Pleno celebrada o 27 de novembro de 2025, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público:

PRIMEIRO.- Que os estados que integran o orzamento xeral, tanto en gastos como en ingresos, a nivel de capítulos, ascenden aos importes que a continuación se expresan:

ESTADO DE GASTOS		
CAP	DESCRIPCION	CONSIGNACION
A. OPERACIONES CORRIENTES		
1	GASTOS DE PERSONAL	1.115.775,47
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	2.280.255,15
3	GASTOS FINANCIEROS	2.792,48
4	TRANSFERENCIA CORRIENTES	325.472,19
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	0,00
TOTAL OPERACIONES CORRIENTES		3.724.295,29
B.- OPERACIONES DE CAPITAL		
6	INVERSIONES REALES	543.718,42
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	5.000,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	196.085,88
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL		744.804,30
TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS		4.469.099,59

ESTADO DE INGRESOS		
CAP.	DESCRIPCION	CONSIGNACION
A. OPERACIONES CORRIENTES		
1	IMPUESTOS DIRECTOS	980.000,00
2	IMPUESTOS DIRECTOS	43.000,00
3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	608.400,00
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	2.583.515,94
5	INGRESOS PATRIMONIALES	6.418,42
TOTAL OPERACIONES CORRIENTES		4.221.334,36

B.- OPERACIONES DE CAPITAL		
6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	347.602,08
8	ACTIVOS FINANCIEROS	5.000,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL		352.602,08
TOTAL PRESUPUESTO DE INGREOS		4.573.936,44

SEGUNDO.- Que o cadro de persoal comprensivo dos postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral é o seguinte:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA			
	Grupo	Nº de prazas	
Denominación da praza	Subgrupo		Observacións
1. HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL:			
Secretario	A1	1	Cuberto polo titular
Interventor	A1	1	Comisión de servicios
Tesoureiro	A1	1	Cuberto polo titular
2. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL:			
a) Subescala Administrativa			
Administrativo	C1	1	Cuberta polo titular
b) Subescala Auxiliar			
Auxiliar Administrativo de administración xeral	C2	1	Situación de servizos especiais
Auxiliar Administrativo de administración xeral	C2	1	Cuberta polo titular
Auxiliar Administrativo de administración xeral	C2	1	Vacante
c) Subescala Subalterna			
Subalterno- conserxe Casa da Cultura	AP	1	Cuberta polo titular
Subalterno de administración xeral	AP	1	Cuberta polo titular
3. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL:			
Subescala de Servizos Especiais:			
<u>-Clase: Persoal de Oficios:</u>			
Operario de servizos	AP	1	Vacante
Axudante de servizos	AP	1	Vacante
B) PERSOAL LABORAL			
Denominación da praza	Nº de postos	Carácter	Observacións
1. FOMENTO DO EMPREGO			
Axente de emprego e desenvolvemento local	1	Fixo	Interinidade

2. PROMOCIÓN DA CUTLURA			
Animadora sociocultural	1	Temporal	
3. HOSPITAIS, SERVIZOS ASISTENCIAIS E C. DE SAÚDE			
Conserxe de edificios municipais	1	Fixo	Vacante
4. ENSINANZA			
Limpadoras centros de ensino	2	Fixo	Cubertas polos titulares
5. URBANISMO			
Oficiais de 1ª	1	Fixo	Cuberta polo titular
Oficiais de 1ª	1	Temporais	
6. RECOLLIDA, ELIMINACIÓN E TRATAMENTO DE RESIDUOS			
Oficial de 1ª	1	Fixo	Vacante
7. ESTRADAS			
Oficial de 1ª	4	Temporais	
Peón	2	Temporais	
Total funcionarios de carreira	11		
Total persoal laboral fixo	6		
Total persoal laboral temporal	8		
Total postos de traballo 2025	25		

Contra este acordo que agota a vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comezarán a contar ao día seguinte da publicación do presente anuncio, tal e como dispón o artigo 4.2 da lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

O Orzamento entrará en vigor, unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia, segundo o desposto no artigo 20 do RD 500/1990 e artigo 169.5 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Cospeito, 25 de decembro de 2025.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 3645

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións no expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito (MC 21/2025 SC 02/2025), aprobado inicialmente en sesión plenaria celebrada o día 27/11/2025 por importe de 93.993,51€ o mesmo considérase definitivamente aprobado, e se procede a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

ALTAS EN CONCEPTO DE GASTOS

Aplicación orzamentaria	Descrición	Xustificación	Importe
135.213	Protección civil. Elementos de transporte.	Créditos iniciais insuficientes	2.500
135.214	Protección civil. Maquinaria, instalaciones técnicas y utillaje.	Créditos iniciais insuficientes	5.100

1621.214	Recogida de residuos.Elementos de transporte.	Créditos iniciais insuficientes	6.000
1623.22799	Tratamiento de residuos.Otros trabajos realizados por otras empresas.	Créditos iniciais insuficientes	3.000
165.22111	Alumbrado público. Repuesto maquinaria, utillaje y elemento transporte.	Créditos iniciais insuficientes	5.400
241.22199	Fomento de emprego. Outros subministros.	Gastos Sillor XI	1.421,85
312.22103	Hospitales servicios asistenciales y centros de salud. Combustibles y carburantes	Créditos iniciais insuficientes	2.000
323.22700	Funcionamiento centro preescolar, primaria especial. Limpieza y aseo	Créditos iniciais insuficientes	2.000
334.762	Outras transferencias. Subvención conxunta para equipamento cultural	Subvención Cultura conxunta: Instalación deportiva na Biblioteca municipal	1.646,86
432.22200	Ordenación y promoción turística. Servicio de telecomunicaciones	Créditos iniciais insuficientes	500
459.210	Outras infraestructuras.Infraestructuras e bens naturais	Reparación cuberta campo da feira de Seoane	6.328,30
459.214	Otras infraestructuras. Elementos de transporte	Créditos iniciais insuficientes	6.000
920.213	Aministración General. Maquinaria intalación y tecnicas de utillaje	Créditos iniciais insuficientes	6.000
920.214	Administracion general. Elementos de transporte	Reparación vehículos do Concello	5.300
920.22103	Administración general. Combustibles y carburantes.	Compra gasoleo vehículos do concello	3.500
920.224	Adminsitación general. Primas de seguros.	Pago seguros concello	2.300
920.22502	Administración general.Tributos de las entidades locales.	Pago tributos do concello	3.000
1532.210	Pavimentación vías públicas. Infraestructuras e bens naturais.	Proxecto PIR	1.996,50
337.609	Instalacións de ocupación do tempo libre. Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	Novo Convenio coa ATG (592/2025) 584/2025	30.000
TOTAL			93.993,51

ALTAS EN CONCEPTO DE INGRESOS

Aplicacion Orzamentaria	Descricion	Importe
870.00	Remanente líquido de tesoureira para gastos xerais	93.993,51
TOTAL		93.993,51

Folgozo do Courel, 26 de decembro de 2025.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 3646

FRIOL

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 9/2025, (terceiro de competencia do Pleno), financiado con maiores ingresos sobre os inicialmente previstos, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 27 de novembro de 2025, por un importe total de CORENTA E CATRO MIL EUROS (44.000,00 €); de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento, queda da seguinte forma:

CAPÍTULOS	IMPORTES
1.- Gastos de persoal.....	1.406.315,83.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos	2.588.877,03.-
3.- Gastos financeiros.....	22.887,10.-
4.- Transferencias correntes.....	151.073,86.-
6.- Inversións reais.....	1.590.988,63.-
7.- Transferencias de capital.....	66.137,70.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	5.826.280,15.-

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 26 de decembro de 2025.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3647

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 10/2025, (cuarto de competencia do Pleno), para suplementos de crédito, financiados por transferencias de crédito, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e sete de novembro de dous mil vinte e cinco, por un importe total de DOCE MIL EUROS (12.000,00 €); de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento, queda da seguinte forma:

CAPÍTULOS	IMPORTES
1.- Gastos de persoal.....	1.396.222,74.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos	2.590.361,67.-
3.- Gastos financeiros.....	22.887,10.-
4.- Transferencias correntes.....	153.995,21.-
6.- Inversións reais.....	1.596.675,73.-
7.- Transferencias de capital.....	66.137,70.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	5.826.280,15.-

Modifícase o anexo de inversións.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 26 de decembro de 2025.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3648

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobación definitiva modificación ordenanza fiscal reguladora taxa polo prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbáns do Concello de Guitiriz. Expte. 1097/2025

Acordo do Pleno do Concello de Guitiriz de 26/12/2025 polo que se aproba definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbáns

Aprobada definitivamente o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbáns, con resolución expresa das reclamacións presentadas co texto íntegro que se fai público en cumprimento do artigo 17 do texto refundido da Lei de facendas locais, aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo que queda no seu artigo 5 coa seguinte redacción:

« Artigo 5 TARIFAS

A cota tributaria é o resultado da aplicación das seguintes tarifas:

	TARIFA ANUAL	TARIFA TRIMESTRAL
TARIFA NORMAL		
Vivenda zona urbana	105,00	26,25
Vivenda zona rural	79,00	19,75
Hoteis, hostais e moteis, que só presten servizo de almorzo (€/habitación)	10,00	2,50
Hoteis, hostais e moteis con servizo de restaurante (€/habitación)	25,00	6,25
Restaurantes, mesóns e casas de comida	300,00	75,00
Cafeterías, bares e tabernas	300,00	75,00
Pubs, whisquerías, clubs, discotecas, salas de baile, bingo, cines e similares	350,40	87,60
Supermercados e asimilados	697,60	174,40
Tendas, froiterías, pescaderías e outros establecementos de alimentación ao por menor	162,40	40,60
Comercios en xeral ao por menor, peruquerías e asimilados	105,00	26,25
Despachos profesionais	200,00	50,00
Entidades financeiras	337,20	84,30
Talleres ata 250 m2	224,80	56,20
Talleres de máis de 250 m2	300,00	75,00
Industrias e fábricas	202,00	50,50
Farmacias, parafarmacias ou similares	176,00	44,00
Hospitais, clínicas, residencias ou Similares	272,00	68,00
Centros de ensino privados de todo tipo	200,00	50,00
Tanatorios	375,00	93,75
Gasolineras	600,00	150,00

Areas-estacións de servizo	2.282,00	570,50
TARIFA ESPECIAL		
Superficie sobre a que se actúa supera os 4.000 m2	7.500,00	1.875,00

No caso de que un establecemento conte con máis ducha actividade, cotizará por cada unha delas. Para os efectos desta taxa se entenderá como superficie a computable tal e como se define na Tarifa e Instrución do Imposto sobre Actividades Económicas (Real Decreto Lexislativo 1.175/1990, de 28 de setembro), que é o epígrafe que se terá en conta para aplicación desta taxa.

Aos efectos de diferenciar as vivendas de zona rural e as vivendas de zona urbana, se estará aos plans de delimitación da ordenación urbana aprobados polo concello de Guitiriz, que para a zona urbana de Guitiriz é o plan de delimitación OU66 e para a zona urbana de Parga é plan de delimitación OU75.

Considérase Tarifa especial, as instalacións que constitúan complexos de servizos, nos que se desenvolvan varias actividades pero por un único suxeito pasivo e os servizos municipais de recollida do lixo teñan que desenvolver tarefas de barrido, selección e acopia ou almacenamento dos refugallo procedentes de tales complexos, nunha superficie mínima de 4000 m2, (fóra dos espazos construídos e valados) para acarrealos e introducilos nos colectores dispostos pola administración municipal.

A esta respecto, nesta ordenanza determínase que ten a condición ou singularidade prevista neste epígrafe especial o complexo da área de servizo A6, neste termo municipal de Guitiriz, sen prexuízo doutros supostos ós que poda resultar de aplicación e que se determinen con ocasión de aprobar o padrón do lixo.

A aplicación desta tarifa especial é compatible coa aplicación de calquera das outras que constan no cadro tarifario precedente.»

Contra o presente Acordo, conforme o artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderase interpoñer polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso Administrativa.

Guitiriz, 26 de decembro de 2025.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3649

PARADELA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO 2026

Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral Municipal para o exercicio 2026 por acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 27 de novembro de 2025, en cumprimento do disposto no art. 169.3º do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende no estado de gastos e no de ingresos a un millón oitocentos trinta e nove mil euros (1.839.000,00 €), correspondendo a cada capítulo, as cantidades que a continuación se expresan co seguinte detalle:

ESTADO DE INGRESOS		ANO 2026
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	IMPOSTOS DIRECTOS	583.731,95
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	24.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	190.250,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	789.000,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	13.500,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	238.518,05
C) OPERACIÓNS FINANCEIRAS		
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS		1.839.000,00

ESTADO DE GASTOS		ANO 2026
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAP	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	GASTOS DE PERSOAL	516.175,97
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	912.045,56
3	GASTOS FINANCEIROS	1.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	62.486,03
5	FONDO DE CONTINGENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0,00
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	INVESTIMENTOS REAIS	347.292,44
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
C) OPERACIÓNS FINANCEIRAS		
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		1.839.000,00

De forma conxunta aprobáronse as bases de execución e o cadro de persoal que se reproduce a continuación:

A) Funcionarios de carreira:

A.1.) Funcionarios con habilitación de carácter nacional:

- Secretaría-Intervención, grupo A e nivel 26.

A.2.) Escala de Administración Xeral:

Subescala Administrativa:

- Administrativo (2),

Grupo C1 e nivel 22 (1)

Grupo C1 e nivel 20 (1)

Subescala Auxiliar:

- Auxiliar Administrativo (1), grupo C2 e nivel 18

A.3) Escala de Administración Xeral:

Subescala de Servizos Especiais:

- Arquitecto/a, grupo A1 e nivel 24
- Operario de servizos múltiples (2), grupo C2 e nivel 14
- Operarios de servizos múltiples (1), grupo E e nivel 14

B) Persoal laboral fixo:

Unha (1) Traballadora Social (doce meses xornada completa)

Tres (3) Auxiliar Axuda a Domicilio (doce meses xornada completa)

C) Persoal laboral temporal:

Un (1) peón Aprox Rural (3 meses xornada completa)

Unha (1) Auxiliar Información Xuvenil (seis meses xornada parcial)

Unha (1) Secretaría Xulgado de Paz (doce meses xornada completa)

Un (1) condutor camión lixo-substituto (2 meses xornada completa)

Subvencións con asignación nominativa no Orzamento:

DENOMINACIÓN DO PERCEPTOR	ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	CLASIF. PROGRAMAS	CLASIF. ECONÓMICA	CONTÍA (€)
ASOCIACIÓN DE MULLERES DE PARADELA	Promoción da igualdade	334	480	4.500,00
ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS C.E.I.P. SAN MIGUEL	Educativas e culturais	323	480	2.000,00
ASOCIACIÓN "O CARRUAL"	Culturais e promoción do autóctono	334	480	1.000,00
ASOCIACIÓN VECIÑAIS DE VILARAGUNTE	Culturais e promoción do autóctono	334	480	1.500,00
ASOCIACIÓN XUVENIL DE CASTRO DE REI DE LEMOS	Culturais e deportivas	334	480	1.500,00
BANDA DE MÚSICA DE PARADELA	Culturais	334	480	4.500,00
C.E.I.P. SAN MIGUEL DE PARADELA	Viaxe de estudos	323	480	2.000,00
COMISIÓN FESTAS CASTRO DE REI DE LEMOS	Festas tradicionais	334	480	4.000,00
COMISIÓN FESTAS PARADELA	Festas tradicionais	338	480	5.000,00
COMISIÓN FESTAS TRADICIONAIS POPULARES PARROQUIAS DO MUNICIPIO, 300,00 € PARROQUIA	Festas tradicionais	338	480	3.000,00
MOTOCUBE OS MOUCHOS	Promoción deportiva	334	480	2.000,00
SOCIEDADE DEPORTIVA PARADELA	Promoción deportiva	341	480	8.000,00
DEPORTIVA VETERANOS DE PARADELA	Promoción deportiva	341	480	1.500,00
TOTAL SUBVENCIONS				40.500,00

Así mesmo, se proxectan as seguintes subvencións:

NACEMENTO FILLOS/AS	Fomento da natalidade	231	280	7.200,00
TOTAL SUBVENCIONS				7.200,00

Paradela, 27 de decembro de 2025.- A alcaldesa, María Montserrat Mulet Sar.

R. 3650

O PÁRAMO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A 4ª AMPLIACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución de Alcaldía de data 26.12.2025, na que se aproba a convocatoria e as bases para a 4ª ampliación da bolsa de emprego temporal para AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR creada por Resolución de alcaldía número 2023-0133 de 1/06/2023, ampliada a 1ª vez por Resolución de alcaldía número 2023-0345 de 13/11/2023, a 2ª vez por Resolución de alcaldía número 2024-0111 de 24/05/2024 e a 3ª vez por Resolución de alcaldía número 2024-0352 de 12/12/2024 .

Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Procedemento de selección: segundo o establecido nas bases que se atopan a disposición dos interesados/as nas oficinas municipais e na sede electrónica do Concello do Páramo <https://concellodeparamo.sedelectronica.gal>

O Páramo, 26 de decembro de 2025.- O alcalde, P.D. O 1º Tte. alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 3651

PORTOMARÍN

Anuncio

Aprobándose definitivamente polo Pleno do Concello de Portomarin, en sesión extraordinaria urxente celebrada o día 26 de Decembro de 2.025, o expediente de ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS NO CONCELLO DE PORTOMARIN con resolución expresa da reclamación presentada, cuxo texto íntegro faise público en cumprimento do artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

No devandito acordo adoptouse:

- 1.- Desestimar a alegación presentada polos motivos que se expresan no informe técnico emitido a tal efecto e as consideracións xurídicas de aplicación, das que se lle dará traslado a interesada xunto coa notificación do presente acordo.
- 2.- Aprobado expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Ordenanza Fiscal, unha vez resoltas as reclamacións presentadas polos motivos que se expresan no apartado anterior.
- 3.- Notificar o presente Acordo á interesada que, con indicación dos recursos pertinentes.
- 4.- Publicar o devandito Acordo definitivo co texto íntegro da Ordenanza Fiscal no BOP Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, aos efectos previstos na Lei de Facendas Locais.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Sendo o texto íntegro o seguinte:

Artigo 1.- CONCEPTO E OBXECTO

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia e a Lei 7/2022, do 8 de abril, de Residuos e Chans Contaminados para unha Economía Circular, este Concello establece as Taxas pola recollida e tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos.

Con esta regulación dáse cumprimento á esixencia legal de establecer unhas taxas específicas, diferenciadas e non deficitarias, que implantan sistemas de pago por xeración, é dicir, mecanismos mediante os cales os suxeitos pasivos contribúen en función dos residuos que realmente xeran, o que incentiva a súa redución e correcta separación.

- 1.- Taxa polo servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos.

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliaria e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, así como o tratamento e eliminación de residuos, así como do resto de actuacións que engloban o concepto de xestión de residuos establecido no artigo 2.n) da Lei 7/2022.

2. Para tal efecto, considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, cascallos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou se a recollida ou vertido esixe a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

En concreto, inclúense nesta categoría todos aqueles residuos definidos como domésticos no artigo 2 da Lei 7/2022, excepto os procedentes da limpeza da vía pública, de acordo con o previsto no artigo 21.1.e) do TRLRHL.

3. Non está suxeita á taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

- a) Recollida de lixo e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de escorias e cinzas de calefaccións centrais.

c) Recollida de cascallos de obras.

Artigo 3.- SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, os locais ou solares situados en prazas, rúas ou vías públicas onde se presta o servizo a que se refire o artigo anterior, ben sexa a título de propietario, de usufrutuario, de arrendatario ou, mesmo, de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas, locais ou solares, o cal poderá repercutir, se cadra, as cotas satisfeitas sobre os usuarios, que son os beneficiarios do servizo, tal como dispón o artigo 23.2 do TRLRHL.

Artigo 4.- Responsables e sucesores.

1. Son responsables tributarios as persoas físicas e xurídicas determinadas como tales na Lei Xeral Tributaria e á Ordenanza xeral.

2. A derivación de responsabilidade requirirá que, previa audiencia do interesado, dítese o correspondente acto administrativo, nos termos previstos á Lei Xeral Tributaria.

3. As obrigacións tributarias pendentes esixiranse aos sucesores das persoas físicas, xurídicas e entidades sen personalidade, nos termos previstos á Lei Xeral Tributaria e á Ordenanza xeral.

Artigo 5.- BENEFICIOS FISCAIS

Estarán exentos de pago, aquelas vivendas ou locais que se atopen a unha distancia superior de 500 metros do contenedor máis próximo. Esta distancia será medida seguindo os rúas e vías públicas e/os espazos públicos.

Artigo 6.- CUOTA TRIBUTARIA

A cuota tributaria da taxa que se establece, será a que figura, por grupos de produtores ou posuidores de residuos, na tarifa anexa á presente ordenanza.

Para calquera outro uso non especificado nas tarifas facturárase por similitude, previos os informes dos Técnicos Municipais.

En casos especiais, poderanse formalizar convenios de recollida de lixo, cos interesados que así o soliciten, fixándose nos mesmos o importe da taxa que se vaia a aboar pola prestación do servizo.

A superficie dos locais, ó efecto de determinar a base de gravame, comprenderá a totalidade do local afecto á actividade (superficie declarada a efectos do Imposto sobre actividades económicas para os locais de negocio, e superficie construída do padrón do imposto sobre bens inmoables de natureza urbana ou comprobación administrativa polos servizos técnicos do Concello), sen que proceda a exclusión de ningunha dependencia por razón do seu uso específico.

O número de prazas, ó efecto de determinar a base de gravame, comprenderá a totalidade das prazas afectas á actividade (prazas declaradas a efectos do Imposto sobre actividades económicas para os locais de negocio, e prazas declaradas na consellería ou organismo competente ou comprobación administrativa polos servizos técnicos do Concello).

Artigo 7.- DEVENGO

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou establecementos utilizados polos contribuíntes suxeitos á Taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengaranse o primeiro día de cada trimestre natural, independentemente do mes do trimestre no que se produza a alta.

3. Na zona rural, as cotas devengaranse o primeiro día de cada semestre natural, independentemente do mes do semestre no que se produza a alta.

4. Para os casos de baixa, os efectos producíranse a contar do trimestre o semestre (dependendo do caso) seguinte a aquel no que esta se produza, e sempre previa petición da parte interesada o devengo da taxa se producira con posterioridade á devandita data, nese caso a primeira cota concesionarios que deixen transcorrer tres meses sen facer efectivas as cantidades polo canon de referencia cesarán na concesión, coa perda de todos os dereitos derivados dela, e satisfarán o descuberto a conta do depósito a que se refire o artigo seguinte.

Artigo 8.- DECLARACION E LIQUIDACION

1º.- Para o caso de solicitarse a prestación do servizo, a taxa esixírase en réxime de autoliquidación no intre de presentación de dita solicitude, causando alta o contribuínte no padrón do trimestre ou semestre seguinte.

Toda alta, baixa ou modificación no servizo, será obxecto de declaración polo interesado. A solicitude de alta deberá acompañarse:

- a) Identificación do contribuínte (aportando copia DNI).
- b) Identificación do substituto do contribuínte, se non fora o mesmo (aportando copia DNI).
- c) Copia do título de propiedade do inmovible e, no seu caso, copia do título polo que se faga a ocupación (contrato de arrendamento ou do título polo que se constituía o dereito).

2º.- Si se prestase o servizo sen mediar solicitude, darase de alta de oficio no padrón, practicándose e notificándose ó interesado a oportuna liquidación, vindo este obrigado a efectua-lo seu ingreso ou incorrendo, en caso contrario, no correspondente procedemento de prema. Para os efectos do establecido no apartado precedente, considéranse inmoibles obrigados a contribuír, sempre que cumpran as condicións establecidas no artigo 2 da presente ordenanza, os que se atopen en calquera das seguintes circunstancias:

- a) Os incluídos no padrón do Imposto sobre Bens Inmoibles ou que teñan solicitado a alta no mesmo.
- b) Aqueles que excederan o prazo máximo concedido pola licenza de obras para a construción dos mesmos, aínda cando non obtiveran a correspondente licenza de primeira ocupación.
- c) Aqueles que contén con subministro eléctrico ou de comunicacións.

3.- Si se solicita a modificación por cambio no suxeito pasivo ou no uso, deberá aportarse os documentos que xustifiquen tal modificación, a fin de que no expediente obren os datos que se sinalan no apartado anterior.

4.- Si se solicita a baixa deberá acompañarse documentación acreditativa de que o inmovible foi declarado ruinoso ou que adquiriu a condición de solar ou terreo, ou o título de transmisión do inmovible, salvo que, neste último caso, se solicite a modificación no suxeito pasivo. Fora dos supostos sinalados, non se admitirá baixa algunha.

5.- Os suxeitos pasivos, e no seu caso, o substituto do contribuínte, estará obrigado a comunicar as variación de orde físico, xurídico ou económico que se produzan nos inmoibles ou actividades gravadas pola taxa. Dita declaración deberá efectuarse antes de que finalice o cuadrimestre natural de facturación.

Artigo 9.- INFRACCIONS E SANCIONS

En todo o relativo á cualificación de infraccións, tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

No relativo ás responsabilidades, infraccións e sancións de carácter non tributario, estarase asemada ó disposto polos artigos 36 e seguintes da Lei 10/97, de 22 de agosto, de Resíduos Sólidos Urbanos de Galicia.

DISPOSICIONS ADICIONAIS

PRIMEIRA.— Os produtores ou posuidores de residuos sólidos urbanos deberán entregar, ou depositalos debidamente embolsados, dentro dos contedores. En todo caso, o posuidor de residuos estará obrigado a mantelos, mentres se atopen no seu poder, en condicións axeitadas de salubridade e seguridade.

SEGUNDA.— Toda persoa que produza ou posúa residuos sólidos susceptibles de xeraren efectos nocivos sobre o solo, a flora ou a fauna, de degradaren o contorno ou a paisaxe, de contaminaren o aire ou as augas, de xeraren malos olores, e, en xeral, de atentaren contra a saúde humana ou o medio ambiente, está obrigada a realizar ou poñer-las condicións para que se realice a súa eliminación conforme ó preceptuado na Lei.

TERCEIRA.— Os produtores ou posuidores de residuos sólidos que polas súas especiais características poidan producir trastornos nas operacións de recollida, transporte, almacenamento, valorización, tratamento ou depósito controlado, estarán obrigados a proporcionar ó Concello información completa sobre a súa orixe, cantidade e características. Para o caso de que o produtor ou posuidor de residuos llos entregue a persoa física ou xurídica que non posúa a condición de xestor, deberá responder solidariamente con ela de calquera prexuízo que poida producirse, así como das sancións que lle puidesen ser impostas.

DISPOSICION DERROGATORIA

A partir da entrada en vigor desta Ordenanza queda derogada a anterior reguladora da taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo.

DISPOSICION DERRADEIRA

A presente Ordenanza, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor ó período de cobranza, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

TABLAS DE TARIFAS PARA O CALCULO DA CUOTA TRIBUTARIA:

GRUPO		TARIFA ANUAL		
		RECOLLIDA	TRATAMENTO	SUMA
VZU	Vivenda zona urbana	20,52 €	38,74 €	59,26 €
VZR	Vivenda zona rural	17,10 €	32,28 €	49,38 €
GRUPO		TARIFA ANUAL		
		RECOLLIDA	TRATAMENTO	SUMA
Establecementos de tipo alimentario				
TA.01	Fruterías, carnicerías, pescaderías, marisqueiras, despachos de pan e similares de superficie ata 50 m ²	32,09 €	60,60 €	92,69 €
TA.02	Fruterías, carnicerías, pescaderías, marisqueiras, despachos de pan e similares de superficie maior de 50 m ²	64,18 €	121,20 €	185,37 €
TA.03	Supermercado de superficie ata 150 m ²	192,53 €	181,80 €	374,33 €
TA.04	Supermercado de superficie maior de 150 m ²	385,07 €	363,59 €	748,66 €
GRUPO		TARIFA ANUAL		
		RECOLLIDA	TRATAMENTO	SUMA
Establecementos de tipo non alimentario				
TNA.01	Xestorías, asesorías fiscais, axencias de seguros, despachos e consultas profesionais, academias, administración de loterías, estancos e similares de superficie ata 50 m ²	23,70 €	22,38 €	46,07 €
TNA.02	Xestorías, asesorías fiscais, axencias de seguros, despachos e consultas profesionais, academias, administración de loterías, estancos e similares de superficie maior de 50 m ²	71,09 €	67,13 €	138,22 €
TNA.03	Comercios e locais comerciais en xeral de superficie ata 100 m ²	47,40 €	44,75 €	92,15 €
TNA.04	Comercios e locais comerciais en xeral de superficie maior de 100 m ²	94,79 €	89,51 €	184,30 €
TNA.05	Talleres mecánicos e actividades industrias en xeral cunha superficie de ata 250 m ²	118,49 €	111,88 €	230,37 €
TNA.06	Talleres mecánicos e actividades industrias en xeral cunha superficie entre 250 e 1500 m ²	710,94 €	671,29 €	1.382,23 €
TNA.07	Talleres mecánicos e actividades industrias en xeral cunha superficie superior a 1500 m ²	1.184,90 €	1.118,81 €	2.303,71 €
TNA.08	Tanatorios cunha superficie de ata 100 m ²	47,40 €	44,75 €	92,15 €
TNA.09	Tanatorios cunha superficie superior a 100 m ²	94,79 €	89,51 €	184,30 €
GRUPO		TARIFA ANUAL		
		RECOLLIDA	TRATAMENTO	SUMA
Establecementos de tipo servizos restauración				
TSR.01	Bares, cafeterías, restaurantes, tabernas, churraquerías e similares de superficie ata 100 m ²	171,00 €	161,46 €	332,46 €
TSR.02	Bares, cafeterías, restaurantes, tabernas, churraquerías e similares de superficie entre 100 e 250 m ²	427,49 €	403,65 €	831,14 €

TSR.03	Bares, cafeterías, restaurantes, tabernas, churraqueras e similares de superficie maior de 250 m ²	598,49 €	565,11 €	1.163,60 €
	Discotecas, pubs e salas de festas	683,99 €	645,84 €	1.329,83 €
Establecementos de tipo servizos hospedaxe				
TSP.01	Albergues, pensións e similares ata 25 prazas	259,28 €	263,25 €	522,53 €
TSP.02	Albergues, pensións e similares entre 25 e 50 prazas	518,57 €	526,50 €	1.045,07 €
TSP.03	Albergues, pensións e similares maior de 50 prazas	1.037,14 €	1.053,00 €	2.090,14 €
Establecementos de tipo servizos hostelería				
TSH.01	Hoteis, hostais, casas de turismo rural e similares ata 50 prazas	479,98 €	566,51 €	1.046,50 €
TSH.02	Hoteis, hostais, casas de turismo rural e similares entre 50 e 100 prazas	959,96 €	1.133,03 €	2.092,99 €
TSH.03	Hoteis, hostais, casas de turismo rural e similares maior de 100 prazas	1.439,94 €	1.699,54 €	3.139,49 €
GRUPO		TARIFA ANUAL		
		RECOLLIDA	TRATAMENTO	SUMA
Establecementos de tipo servizos outros				
TSO.01	Entidades bancarias e similares de superficie ata 50 m ²	25,09 €	23,69 €	48,78 €
TSO.02	Entidades bancarias e similares de superficie cunha superficie maior de 50 m ²	50,18 €	47,39 €	97,57 €
TSO.03	Estacións de servizo de gasolinas, gas, gasoil, etc cunha superficie de ata 500 m ²	250,92 €	236,93 €	487,84 €
TSO.04	Estacións de servizo de gasolinas, gas, gasoil, etc cunha superficie superior a 500 m ²	250,92 €	236,93 €	487,84 €
TSO.05	Outros establecementos non tarifados	a estudar	a estudar	a estudar

Portomarín, 26 de decembro de 2025.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 3652

RIBADEO

Anuncio

DON JOSÉ ANTONIO CARRO ASOREY, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO (Lugo),

CERTIFICO:

Que o Pleno Municipal en sesión celebrada o día 23/12/2025 adoptou entre outros o acordo que se transcribe:

1. EXPEDIENTE 5472/2025: MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT

INFORME DO DEPARTAMENTO DE PERSOAL

Dando cumprimento ao requirido pola Alcaldía; vista a sesión da Mesa Xeral Negociadora levada a cabo o 11 de decembro de 2025 e con base no artigo 175 do Real Decreto 2568/2025, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, emítese o seguinte

INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. A actual Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) deste Concello de Ribadeo data do ano 2019. Foi aprobada en sesión plenaria de 22 de xaneiro de 2019 e publicada no BOP de Lugo número 061 de

14 de marzo de 2019. Posteriormente só sufriu certas modificacións puntuais para introducir novos postos ou adaptar os complementos de destino aos niveis mínimos esixidos legalmente, entre outros puntos.

SEGUNDO. Como consecuencia do anterior, a RPT vixente atópase desactualizada, presenta diferenzas co anexo de persoal aprobado xunto co orzamento do exercicio e tampouco recolle a totalidade de postos de traballo existentes.

TERCEIRO. Así as cousas, faise necesaria a súa revisión e modificación, xa sexa íntegra (sería o ideal) ou, a lo menos, dos postos de traballo que se atopan máis desactualizados. Plantéxanse nestes intres diversas cuestións relativas a persoal que requiren a adopción dos correspondentes acordos.

CUARTO. Emítese informe polo Departamento de persoal para indicar cales son efectivamente os postos que requiren apremiante modificación e unha proposta fundamentada sobre como facelo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable vén determinada por:

- A Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública.
- O Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP), aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).
- Os artigos 126.4, 127 e 129.3.a) do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- Os artigos 61 a 64 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.
- O Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- A Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. REGULACIÓN

O antecedente da RPT atópase nas **plantillas orgánicas** reguladas no texto articulado da Lei de Funcionarios Cívís do Estado, aprobado por Decreto 315/1964, de 7 de febreiro, que obrigaba aos centros e dependencias da Administración do Estado a formar as súas correspondentes plantillas de funcionarios, nas que debían relacionarse, debidamente clasificados, os postos de traballo.

A Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, foi un dos primeiros textos legislativos que destacou a necesidade dun **sistema ordeado para a xestión de recursos humanos na función pública**.

O marco normativo das RPT complétase hoxe no artigo 74 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP, en adiante), que dispón <<as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, a lo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditos instrumentos serán públicos>>.

Pola súa banda, o art. 90.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-, prevé que as Entidades Locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre Función Pública, e que corresponde ao Estado establecer as normas conforme as cales haxan de confeccionarse as RPT, a descrición de postos de traballo tipo e as condicións requiridas para a súa creación.

Así mesmo, o art. 126.4 do RD Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local -TRRL-, establece que as RPT terán, en todo caso, o contido previsto na lexislación básica sobre Función Pública, e confeccionaranse conforme as normas previstas no art. 90.2 LRBRL.

2. SOBRE A SÚA MODIFICACIÓN

Esta resulta fundamental, pois a RPT debe ser un instrumento efectivo e actualizado, e en ningún caso debe quedar obsoleto.

O **procedemento** a seguir é esencialmente similar ao da súa aprobación, sendo o que se indica a continuación:

1. **Valoración dos postos.** Esta é unha operación técnica de carácter **obxectivo** que ha de basearse en valores e **criterios** que deben ser **negociados**.

Cando afecta a aspectos de contido económico (por exemplo, o complemento específico -en adiante, CE-), de acordo con o art. 5 do RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos funcionarios de Administración Local, “esixirá, con carácter previo, que pola Corporación se efectúe unha valoración do posto de traballo”, que supoñemos equivale ao que denominan “acta de cualificación do posto de traballo (contido económico)”.

Resulta habitual que dita valoración de postos de traballo parta dun documento descritivo das funcións, realizado tanto por cada empregado como polos seus superiores. Neste documento inclúese o que se fai nun momento determinado, pero isto non pode trasladarse directamente á RPT. É dicir, non se inclúe o que “desexa” o empregado ou os seus superiores, senón que se debe realizar un esforzo por incluír/engadir aquilo que lle interesa á organización. Como exemplo, sempre que sexa posible, recoméndase a utilización de postos “tipo” ou non singularizados, describindo máis ben unhas tarefas xerais e un nivel competencial, como auxiliar administrativo, oficial da brigada, xefe de negociado, conserxe de mantemento...

2. **Informe-proposta do Servizo de Persoal** incluíndo as modificacións que se consideran precisas, así como a valoración previamente realizada dos postos que se pretenden actualizar (no caso de modificar o complemento específico) e o procedemento para facelo.

3. En base á devandita información e aos informes que considere oportunos, pola **Alcaldía** formularase **propuesta de modificación** da Relación de Postos de Traballo para a súa tramitación.

4. **Negociación**, que ha de ser, en todo caso, de boa fe, no seno da **mesa xeral** de negociación (arts. 37 e 33 TREBEP), baixo os “*principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia*”.

5. A modificación da RPT deberá ser **informada por Intervención** e pola **Xefatura do Servizo** ou de Persoal.

6. Previo ditame da Comisión Informativa correspondente, **aprobación polo Pleno do Concello**, en virtude do artigo 22.2.i) da LRBRL, por maioría simple.

7. **Publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP)**, pois é un acto administrativo plúrimo ou con destinatario plural (xa non unha disposición administrativa de carácter xeral, de acordo coa doutrina do TS, en especial dende a sentenza do TS de 5 de febreiro de 2014). Con todo, sendo un acto administrativo produce efectos dende a súa aprobación, se ben se esixe a súa publicación, non como requisito de eficacia (non se considera xa unha disposición xeral), senón para darlle publicidade e posibilitar o coñecemento xeral de todos os interesados (acto administrativo plúrimo).

Publicarase no BOP xunto co resumo do orzamento, así como na sede electrónica do Concello, e no prazo de trinta días **remítirase copia á Administración do Estado e, no seu caso, á da CCAA respectiva**.

Tendo en conta o exposto *ut supra* e a reunión da Mesa Xeral Negociadora celebrada o pasado 11 de decembro de 2025, a funcionaria que subscribe é coñecedora de que o procedemento axeitado para levar a cabo a modificación da RPT non é exactamente o que *ut infra* se expoñerá, xa que non se realizou a pertinente valoración dos postos. Con todo, non se establecen novos complementos específicos, só se fan en dous casos equiparacións a postos similares.

Así mesmo, a funcionaria que subscribe, como Xefa do Servizo de Persoal, comparte que a solución máis axeitada sería levar a cabo unha revisión íntegra da RPT e configurar unha nova. Porén, mentres que non é posible realizar isto polos órganos de goberno, e en atención aos postos que se atopan máis desactualizados na RPT vixente, a que subscribe emite a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Respecto a cambios necesarios no eido do **persoal laboral**,

- **Administrativo do ARI, posto 0304 da RPT, ocupado por Emilio García Río.**

Segundo a vixente RPT correspóndenlle as funcións propias dun administrativo que presta servizos nunha Entidade Local, asignado á Área de Rehabilitación Integral do Casco Antigo de Ribadeo e da ARI de Rinlo, con funcións de Administrativo con carácter xeral, así como calquera outra función propia do seu cargo ou categoría (cómpre salientar o carácter aberto e impreciso desta afirmación).

As características do seu posto, segundo a RPT actual, son as seguintes:

CD nivel 14, aínda que dende xaneiro de 2025 ten recoñecido un **nivel 16** para axustarse este ao mínimo legal esixido dentro do subgrupo C1.

CE de 307,47 € en 2018 (na actualidade está a cobrar un **CE de 365,06 € mensuais** pola suba anual).

Con todo, este traballador realiza moitas máis **funcións** das que expresamente recolle a súa RPT, feito que non se reflicte no seu salario. Así mesmo, é preciso indicar que ten unha antigüidade neste Concello de **23 anos** e que existen diferenzas substanciais de nivel de CD con outros postos dentro do mesmo subgrupo C1.

Así as cousas, tendo en conta os feitos arriba expostos, propónse o **aumento do seu nivel de CD ao 19**.

- **Operarios de servizos múltiples, postos nº 0701, 0702 e 0706 da RPT**, ocupados, respectivamente, por Samuel Penedo Rodríguez, Javier Sáez Naray e Balbino López García.

Estes traballadores reclaman a **equiparación do seu CE (411,22 € mensuais) ao do posto nº 1022 da RPT**, peón de servizos múltiples, cun CE mensual de 525,02 €. A motivación é a seguinte: o seu CE está desfasado, e as funcións que realizan no día a día son esencialmente as mesmas que as do posto referido, ou mesmo de maior cualificación, pois os traballos de operario son cualitativamente superiores aos de peón.

- **Oficial obras, posto nº 1022/3 da RPT**, ocupado por Cándido Balsa Martínez. Consta na RPT un nivel de CD 14; porén, o posto nº 1022/1 da RPT, tamén oficial de obras, cuberto por interinidade por Julio Jesús López Iglesias, ten un CD nivel 16.

Propónse o **aumento do nivel CD ao 16 no posto 1022/3**, para garantir a igualdade entre postos substancialmente análogos.

- **Condutor mecánico, posto nº 0716/U da RPT municipal**, ocupado por David Gómez Luaces. Neste caso na RPT consta un nivel de CD 16; emporiso, no momento no que se produciu a estabilización no posto saía recoñecido un nivel CD 18. Ademais, outros postos coas mesmas funcións (véxase o posto de condutor nº 0711/U da RPT, desempeñado por Mauricio Monteserín Gómez) contan cun nivel de CD 18.

Así, solicita o **aumento do nivel CD ao 18 no posto 0716/U**.

- **Supresión do posto nº 0404 da RPT, Educador/a Familiar**, cambiándoo por un posto de **Traballador/a social**, grupo A, subgrupo A2, nivel de CD 22.

- Inclusión dun posto de **Psicólogo/a do CIM** ao 50% da xornada, da Escala de Administración Especial, grupo A, subgrupo A2, nivel de CD 24.

Respecto ás modificacións que afectan ao **persoal funcionario**,

- **Técnica de Xestión Económica, posto nº 0107 da RPT**, ocupado efectivamente por Bibiana Montes Lastra.

Pídese a **actualización do seu CE (1015,14 € mensuais -tras as subas-)** ao dos outros postos de Técnicas de Xestión, postos nº 0002, 0009 e 0010 da RPT municipal, cun CE mensual de 1020,21 €.

- **Técnico informático, posto nº 0008 da RPT**, ocupado por Pablo Rodríguez Blanco.

En termos similares aos expostos respecto ao posto de Administrativo do ARI, este posto ten un nivel de CD moi baixo con respecto a outros postos do subgrupo C1 (nivel 16 -o mínimo legal previsto- dende xaneiro de 2025), polo que se propón o aumento do mesmo ao **nivel de CD 19**.

Os membros da Comisión Informativa ditaminan favorablemente a proposta de resolución por 4 votos a favor do Grupo Municipal Popular e 2 abstencións do Grupo Municipal do BNG.

O Pleno considera a urxencia da sesión por 7 votos a favor do Grupo Popular e 5 abstencións do Grupo do BNG.

A Corporación Municipal presta aprobación ao ditame por 7 votos a favor do Grupo Popular e 5 abstencións do Grupo do BNG.

E para que conste, coa salvedade do disposto no art. 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Ribadeo a data da sinatura electrónica.

Ribadeo, 26 de decembro de 2025.- Vº e Pr. O alcalde-presidente, Daniel Vega Pérez.

R. 3653

Anuncio

DON JOSÉ ANTONIO CARRO ASOREY, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO (Lugo),

CERTIFICO:

Que o Pleno Municipal en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 23/12/2025 adoptou entre outros o acordo que se transcribe:

2. EXPEDIENTE 6252/2025: PLAN DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL

INFORME-PROPOSTA DE SECRETARÍA

De conformidade co disposto no artigo 5 apartados 1 e 2 do RD 861/1986, de 25 de abril, «O complemento de produtividade *está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e*

iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo. A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e os obxectivos asignados ao mesmo."

Vistos os criterios establecidos con carácter xeral, aprobados por acordo plenario de 25/09/2014, previa negociación na Mesa Xeral do persoal municipal.

Visto o tempo transcorrido e a necesidade da súa modificación, sométese a aprobación a seguinte proposta, que foi trasladada á Mesa Xeral de Negociación que tivo lugar en data 11/12/2025:

PLAN DE DISTRIBUCIÓN DO COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL

O presente Plan de distribución de productividades, ten por obxecto a implantación dun sistema dual de complemento de produtividade no ámbito do Concello, estruturado nun réxime ordinario e nun réxime adicional ou extraordinario, co fin de adecuar a política retributiva aos principios de legalidade, obxectividade, eficiencia e control do gasto público.

O artigo 24 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (Real Decreto Legislativo 5/2015), así como o artigo 5 do RD 861/1986, de 25 de abril, definen o complemento de produtividade como a retribución destinada a recompensar o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa no desempeño do posto de traballo.

A normativa básica impón que este complemento teña carácter variable, individualizado e non consolidable.

A doutrina consolidada do Tribunal Supremo estableceu criterios interpretativos que sustentan o modelo proposto, entre as que destacan, a Sentenza do Tribunal Supremo de 21 de febreiro de 2000, que declara que o complemento de produtividade non pode operar de forma automática nin xeneralizada; a Sentenza do Tribunal Supremo de 28 de outubro de 2002, que esixe motivación individualizada na súa concesión; a Sentenza do Tribunal Supremo de 4 de decembro de 2007, que insiste en que non pode converterse nun complemento fixo ou estrutural e a Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de marzo de 2012, que reafirma o seu carácter non consolidable. Estas resolucións avalan a necesidade de diferenciar entre incentivos ligados ao funcionamento ordinario do servizo e aqueles vinculados a circunstancias excepcionais.

Os informes do Tribunal de Contas veñen advertindo de forma reiterada sobre o uso indebido do complemento de produtividade como retribución fixa ou lineal, recomendando expresamente a súa vinculación real a obxectivos e resultados, a existencia de procedementos de avaliación, a motivación individualizada e documentada e o control previo da existencia de crédito adecuado e suficiente. En particular, os informes de fiscalización do sector público local sinalan a necesidade de diferenciar a produtividade ordinaria da extraordinaria para evitar a consolidación indebida.

A experiencia na xestión dos recursos humanos municipais pon de manifesto a existencia de dúas realidades diferenciadas:

Un conxunto de postos e funcións que requiren unha incentivación xeral vinculada ao desempeño ordinario.

Situacións singulares e sobrevidas que esixen un esforzo adicional, maior dedicación ou asunción temporal de funcións alleas ao posto de orixe.

O sistema estrutúrase do seguinte xeito:

1. Réxime ordinario de produtividade. Aplicable con carácter xeral ao persoal, vinculado ao normal desempeño das funcións do posto, con criterios comúns e avaliábeis periodicamente.

Ten por obxecto retribuír o desempeño normal e habitual das funcións propias do posto de traballo, mediante a aplicación de criterios obxectivos e avaliábeis, baseados, entre outros, na asistencia efectiva ao traballo, na inexistencia de sancións disciplinarias e na avaliación do desempeño.

2. Réxime adicional de produtividade. De carácter excepcional e non consolidable, asociado ás seguintes situación, maior vinculación ao posto, maior dedicación autorizada, circunstancias excepcionais de servizo e desempeño temporal de funcións doutros postos.

Ten por finalidade retribuír situacións singulares e non inherentes ao desempeño ordinario do posto de traballo, tales como:

- A maior vinculación ou especial dedicación ao posto.
- A maior dedicación autorizada mediante resolución expresa.
- O desempeño do traballo en circunstancias excepcionais.
- A asunción temporal de funcións correspondentes a outros postos de traballo.

Terá carácter potestativo, individualizado e excepcional, sometido en todo caso a resolución expresa e motivada do órgano competente e ás dispoñibilidades orzamentarias.

A finalidade do sistema dual, é garantir a adecuación ao marco xurídico vixente, reforzar a obxectividade e a transparencia, evitar a xeración de dereitos económicos indebidos e facilitar a fiscalización e control do gasto.

Ningún dos dous réximes de produtividade terá carácter automático nin consolidable, non xerando dereitos adquiridos nin expectativas de dereito para exercicios futuros.

O sistema sometese á existencia de crédito adecuado e suficiente e aos límites fixados nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

O sistema dual de complemento de produtividade resulta necesario, proporcionado e axeitado ao marco legal vixente, permitindo unha mellor xestión dos recursos humanos e asegurando a transparencia, a obxectividade e o control do gasto público.

1.- Ámbito de aplicación.

O Plan de produtividade será de aplicación a todos os empregados públicos do Concello de Ribadeo, tanto persoal funcionario, como persoal laboral ou asimilado.

2.- Estructura do Plan de produtividade.

No presente Plan de distribución do complemento de produtividade configúranse dous réximes diferenciados do dito complemento; o réxime de produtividade ordinaria, ao que se destinará o 57 % do crédito total consignado para este concepto, e o réxime de produtividade adicional, ao que se destinará o 43 % restante do referido crédito.

Correspóndelle ao Pleno da Corporación a competencia para fixar, directamente ou a través da Lei de Orzamentos Municipais de cada exercicio, o importe global máximo destinado ao complemento de produtividade, de conformidade cos límites establecidos na normativa básica e orzamentaria de aplicación.

3.- Productividade ordinaria.

Concederáse con carácter trimestral, o 65% da contía distribuírse entre o persoal en función de parámetros obxectivos e baseados na efectiva asistencia ó traballo e ausencia de sancións disciplinarias e o 35% restante distribuírse polo Alcalde en función do efectivo rendemento de cada traballador **conforme aos criterios e cualificacións que se sinalan no cadro seguinte** e que deberán subscribir os Xefes de servizo, encargados ou Concelleiros delegados para o persoal de cada área:

Ítem de avaliación	MOI BO	BO	REGULAR	MAL
Cumpre con regularidade a súa xornada laboral	☐	☐	☐	☐
Cumpre as funcións inherentes ao posto que desempeña	☐	☐	☐	☐
Mostra esforzo por mellorar o rendemento e achegas persoais ao traballo	☐	☐	☐	☐
Mostra dispoñibilidade para modificacións ocasionais da xornada	☐	☐	☐	☐
Colabora cos compañeiros do seu servizo e doutros servizos	☐	☐	☐	☐
Cumpre as instrucións dos seus superiores xerárquicos	☐	☐	☐	☐
Destaca pola autonomía, capacidade de organización, planificación e calidade do traballo	☐	☐	☐	☐

En ningún caso as contías asignadas durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O reparto da produtividade, que se realiza por Alcaldía e que corresponde ao 35% do total, atenderá na súa cuantificación individual ás seguintes regras obxectivas, á vista dos informes emitidos polas distintas xefaturas de servizo e pola propia Alcaldía ou concelleiros delegados naqueles casos en que corresponda segundo se indica:

- Cada un dos 7 apartados relativos á análise do desempeño do traballo habitual será valorado cun tope de 15 puntos, polo que o total a obter no caso de acadar as máximas puntuacións será de 105 puntos
- Dentro dos apartados anteriores, á cualificación de MOI BO en cada un dos apartados será de 15 puntos, a de BO de 10 puntos, REGULAR de 5 puntos e MAL de 0 puntos.
- Aplicando os criterios anteriores establécense os seguintes tramos de puntuación para a cualificación definitiva global:

0 a 30 puntos

MAL

30 a 49 puntos

REGULAR

50 a 74 puntos

BO

75 a 105 puntos

MOI BO

Unha vez obtidas as cualificacións globais anteriores para cada un dos traballadores aos que corresponda participar no reparto de produtividade, a cuantificación individual a outorgar a cada un someterase ás seguintes regras:

- a) En primeiro lugar dividirase o importe global a repartir para cada un dos grupos afectados, funcionarios e persoal laboral (incluíndo ao persoal eventual), polo número de efectivos que forma parte de cada un deles. Esta operación dará lugar ao importe a outorgar cun pequeno redondeo nun primeiro reparto aos que obteñan a cualificación de MOI BO.
- b) Os que obteñan a cualificación de MAL, percibirán 0,00 euros por este apartado. E finalmente para os cualificados como BO e REGULAR realizarase unha ponderación proporcional entre os dous valores anteriores.
- c) Finalmente, nunha segunda fase, as contías sobrantes do primeiro reparto anterior para cada un dos grupos, funcionarios e laborais, unha vez asignado a cada traballador o importe correspondente, serán novamente repartidas de xeito lineal entre aqueles traballadores que obtiveran a cualificación de MOI BO.

* Hai que ter en conta que para o persoal a tempo parcial, os importes anteriores deberán ser rateados en función da porcentaxe de xornada efectiva que realicen.

4.- Productividade adicional.

Terá carácter mensual, exclusivamente no suposto da súa previa concesión expresa e distribuírse por resolución da Alcaldía, atendendo aos seguintes conceptos, que retribúen realidades funcionais diferenciadas:

1. Maior vinculación do persoal funcionario. Corresponde aos postos de traballo cualificados como de especial dedicación, concretamente os postos de nivel 24 e superiores dos Servizos do Concello.

A concesión será competencia da Alcaldía e terá carácter discrecional, potestativo e non automático, non xerando dereito subxectivo á súa percepción polo mero desempeño do posto, e quedará en todo caso condicionada ás dispoñibilidades orzamentarias, sen que poida superar o 15% do importe total asignado. A súa concesión ou supresión deberá fundamentarse en proposta motivada dos Xefes de servizo ou Concelleiros delegados.

2. Maior dedicación do persoal funcionario non suxeito a maior vinculación.

Corresponde aos postos de traballo distintos dos incluídos no apartado anterior, sempre que exista resolución expresa da Alcaldía que autorice a súa percepción.

A proposta deberá xustificarse na realización de funcións de especial relevancia, necesarias para a consecución dos fins municipais, podendo recaer sobre calquera posto de traballo. A concesión terá carácter discrecional, non obrigatoria, individualizada e de natureza estritamente temporal, condicionada en todo caso á existencia de crédito axeitado e suficiente, sen que poida superar o 20% do importe total asignado.. A súa concesión ou supresión deberá fundamentarse en proposta motivada dos Xefes de servizo ou Concelleiros delegados.

3. Circunstancias excepcionais do persoal funcionario e laboral.

Poderá recoñecerse ao persoal funcionario e laboral pola realización de actuacións de carácter extraordinario, tales como:

- a) Desempeño temporal de funcións con especial rendemento ou fóra da xornada ordinaria.
- b) Especial mobilidade xeográfica por necesidades do servizo.

A percepción deste complemento estará suxeita a certificación expresa e motivada, e a súa contía fixarase atendendo aos criterios de déficit estrutural de persoal e carga real de traballo.

En todo caso, as cantidades percibidas por este concepto non terán carácter consolidable, non xerarán dereitos adquiridos nin expectativas lexítimas para períodos sucesivos, de conformidade co establecido na normativa orzamentaria, quedará en todo caso condicionada ás dispoñibilidades orzamentarias sen que poida superar o 45% do importe total asignado. A súa concesión ou supresión deberá fundamentarse en proposta motivada dos Xefes de servizo ou Concelleiros delegados.

4. Desempeño temporal de funcións propias doutros postos da Relación de Postos de Traballo do Concello.

Con carácter excepcional, poderase atribuír a persoal funcionario ou laboral o desempeño temporal de funcións propias de postos de estrutura, cando concorran razóns conxunturais de urxencia e inaprazabilidade debidamente xustificadas. Quedará en todo caso condicionada ás dispoñibilidades orzamentarias, sen que poida superar o 20% do importe total asignado. A súa concesión ou supresión deberá fundamentarse en proposta motivada dos Xefes de servizo ou Concelleiros delegados sobre a urxente e

inaprazable necesidade e, no seu caso, a imposibilidade da súa cobertura, propoñendo ao persoal que se considere máis adecuado para asegurar o normal funcionamento dos servizos encomendados.

Esta atribución terá natureza temporal, excepcional e non consolidable, sen prexuízo das retribucións ordinarias do posto de orixe e da compensación económica que, con carácter potestativo, poida recoñecerse en concepto de produtividade.

Tal e como sinalan as Leis de Orzamentos Xerais do Estado, en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O complemento de produtividade adicional asignarase con criterios de obxectividade, proporcionalidade e transparencia, con base nun sistema de puntos, en función das modalidades previstas de forma proporcional ao crédito dispoñible e, sen que en ningún caso se xeren dereitos adquiridos nin consolidados.

O importe máximo individual da produtividade adicional non poderá exceder do 40 % das retribucións mensuais do empregado público nin, en todo caso, o límite derivado do crédito orzamentario autorizado.

O cálculo realizarase conforme á seguinte regra:

Importe individual = (puntos obtidos / total de puntos da modalidade) × crédito dispoñible da modalidade mensual

1. Produtividade por maior vinculación. Criterios obxectivos de valoración

Criterio	Puntuación
Nivel do posto 24	10 puntos
Nivel do posto 25	15 puntos
Nivel do posto 26 ou superior	20 puntos
Exclusividade funcional	10 puntos
Dispoñibilidade (localizable)	10 puntos

Puntuación máxima: 40 puntos

Tramos de asignación económica

- 20-25 puntos → 50% do importe máximo individual
- 26-35 puntos → 75% do importe máximo individual
- 36-40 puntos → 100% do importe máximo individual

2. Produtividade por maior dedicación. Criterios obxectivos

Criterio	Puntuación
Dedicación adicional ≤ 10% da xornada mensual	10 puntos
Dedicación adicional entre o 11% e o 20%	20 puntos
Dedicación adicional > 20%	30 puntos
Impacto directo nos obxectivos estratéxicos municipais	10 puntos
Duración autorizada superior a 3 meses	10 puntos

Puntuación máxima: 50 puntos

Tramos de asignación

- 20-30 puntos → 40% do importe máximo individual
- 31-40 puntos → 70% do máximo individual
- 41-50 puntos → 100% do máximo individual

3. Produtividade por circunstancias excepcionais. Criterios obxectivos

Criterio	Puntuación
Por cada 5 horas/mes fóra da xornada ordinaria	5 puntos
Incremento extraordinario de expedientes > 20%	10 puntos
Mobilidade xeográfica ocasional	10 puntos
Mobilidade xeográfica continuada	20 puntos
Unidade con déficit de persoal superior ao 15%	10 puntos
Puntuación máxima: 60 puntos	
Tramos de asignación	
• 20-30 puntos → 40% do importe máximo individual • 31-40 puntos → 70% do máximo individual • 41-50 puntos → 100% do máximo individual	

4. Produtividade por desempeño temporal de funcións doutros postos. Criterios obxectivos

Criterio	Puntuación
Diferenza dun nivel entre o posto asumido e o posto de orixe	10 puntos
Diferenza de dous ou máis niveis	20 puntos
Duración do desempeño ≤ 1 mes	5 puntos
Duración entre 1 e 3 meses	10 puntos
Duración superior a 3 meses	20 puntos
Responsabilidade directa sobre persoal	10 puntos
Responsabilidade orzamentaria	10 puntos
Puntuación máxima: 60 puntos	
Tramos de asignación económica	
• 20-30 puntos → 40% do importe máximo individual • 31-45 puntos → 70% do máximo individual • 46-60 puntos → 100% do máximo individual	

5.- Exclusiones da produtividade.

Tendo en conta a natureza do concepto de produtividade, establécense as seguintes regras de exclusión que recollen as situacións nas que considérase inexistente:

Os empregados públicos incluídos nalgunha das seguintes situacións percibirán a contía de produtividade reducida na parte proporcional aos días en que se producen ditas situacións:

- As faltas de asistencia por Incapacidade Temporal, por enfermidade común ou accidente non laboral, con ou sen parte de baixa.
- As licenzas sen soldo.
- Ausencias por participación en folga.
- As excedencias e outras ausencias non retribuídas. Non se considerará ausencia, para estes efectos, a non permanencia no posto de traballo, por razóns distintas das anteriores, debidamente autorizada e xustificada sempre que sexa retribuída.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: Prestar aprobación ao Plan de Produtividade do Persoal Municipal desenvolvido neste informe-proposta.

SEGUNDO: Dar traslado aos servizos técnicos municipais responsables de Persoal, Tesourería e Intervención, así como á representación dos traballadores, aos efectos oportunos.

Os membros da Comisión Informativa ditaminan favorablemente a proposta de resolución por 4 votos a favor do Grupo Municipal Popular e 2 abstencións do Grupo Municipal do BNG.

O Pleno apreza a urxencia da sesión por 7 votos a favor do Grupo Popular e 5 abstencións do Grupo do BNG.

A Corporación Municipal presta aprobación ao ditame por 7 votos a favor do Grupo Popular e 5 abstencións do Grupo do BNG.

E para que conste, coa salvedade do disposto no art. 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Ribadeo a data da sinatura electrónica.

Ribadeo, 26 de decembro de 2025.- Vº e Pr. O alcalde-presidente, Daniel Vega Pérez.

R. 3654

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO XERAL 2026

Aprobados inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste concello, do día 23/12/2025 o Orzamento xeral, as bases de execución e o cadro de persoal funcionario e laboral, para o exercicio económico 2026, de acordo co previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, **exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por un prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, para os efectos de reclamacións e alegacións.**

Conforme o acordo adoptado, o Orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións. No caso de que se realizasen alegacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, segundo o establecido no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo

Ribadeo, 26 de decembro de 2025.- O alcalde-presidente, Daniel Vega Pérez.

R. 3655

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 66/2025

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 18/11/2025, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 66/2025 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito ,financiado con baixas,pola cantidade de 18.444,48 euros, que se fai público resumido por capítulos:

0				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	5.481.504,86	0	5.481.504,86
2	Gastos Correntes en bienes e Servizos	6.285.575,44	0	6.285.575,44

3	Gastos Financeiros	69.547,05	0	69.547,05
4	Transferencias Correntes	537.956,45	0	537.956,45
5	Fondo de continxencia	196.000,85		196.000,85
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	5.147.400,85,47	-18.444,48 € +18.444,48 €	5.165.845,33 €
7	Transferencias de Capital	723.302,83		723.302,83
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	28.005,06	0	28.005,06
9	Pasivos Financeiros	194.082,06	0	194.082,06
Total		18.663.375,45		18.663.375,45
ESTADO DE INGRESOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.854.000,00	0	2.854.000,00
2	Impostos Indirectos	900.000,00	0	900.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	3.113.759,06	0	3.113.759,06
4	Transferencias Correntes	5.264.374,97	0	5.264.374,97
5	Ingresos Patrimoniais	512.809,02	0	512.809,02
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	0.00	0	0.00
7	Transferencias de Capital	3.261.888,89	0	3.231.888,89
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	1.506.543,51	0	1.506.543,51
9	Pasivos Financeiros	1.250.000,00	0	1.250.000,00
Total		18.663.375,45		18.663.375,45

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 26 de decembro de 2025.- O alcalde-presidente, Daniel Vega Pérez.

R. 3656

VIVEIRO

Anuncio

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións durante o período de exposición ao público, Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 258 de 10 novembro de 2025, o acordo adoptado polo pleno do Concello de Viveiro en sesión ordinaria celebrada o día 5 de novembro de 2025 no que se aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal núm.16, procédese á publicación íntegra do texto de dita ordenanza, segundo o disposto no artigo 17, do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 16

REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E POR RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, E CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE

Artigo 1. FUNDAMENTO E RÉXIME

1. Este Concello, conforme ó autorizado polo artigo 106 da lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e de acordo co previsto no artigo 20.3, h)) do Real Decreto Lexislativo2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais , establece a taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, que se regulará pola presente Ordenanza.

2. Será obxecto deste tributo:

- a) a entrada ou paso de vehículos e carruaxes nos edificios e solares
- b) a reserva de espazos nas vías e terreos de uso público para carga e descarga de mercadorías a solicitude de Entidades, empresas e particulares
- c) a reserva de espazos nas vías e terreos de uso público para estacionamento de vehículos de aluguer ou para o servizo de entidades ou particulares
- d) a reserva de espazos nas vías e terreos de uso público para principio ou final de liña de servizos regulares ou discrecionais de viaxeiros

Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE

Está constituído pola realización sobre a vía ou terreos de uso público de calquera dos aproveitamentos enumerados no número 2 do artigo 1 desta Ordenanza, y a obriga de contribuír nace dende o momento en que o aproveitamento se inicie.

Artigo 3. DEVENGO

A taxa considerase devengada, nacente a obriga de contribuír, cando se inicie o aproveitamento,e anualmente, o día 1 de xaneiro de cada ano.

Artigo 4. SUXEITOS PASIVOS

Están solidariamente obrigados ó pago, en concepto de contribuíntes:

- a) as persoas naturais ou xurídicas titulares da respectiva licencia municipal
- b) os propietarios dos inmobles onde se atopen establecidas as entradas ou pasos de carruaxes
- c) as empresas, entidades ou particulares beneficiarios dos aproveitamentos enumerados nos apartados b), c), y d) do artigo 1 número 2 de esta Ordenanza.

Artigo 5. BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE

Tomarase como base imponible do presente tributo a lonxitude en metros lineais da entrada ou paso de carruaxes e da reserva de espazo, e o número de prazas de aparcamento existente nas propiedades ou garaxes.

Artigo 6. COTA TRIBUTARIA

1. O importe da taxa regulada nesta Ordenanza será a resultante de aplicar as tarifas contidas no apartado seguinte, establecéndose como límite máximo de reserva 2,5 metros para cada acceso a garaxe ou vivenda.

2. As tarifas aplicables son as seguintes:

A	Por cada reserva de vía pública para entrada en propiedades en que existan aceras, se aboarán por cada metro lineal ou fracción, ao ano, as cantidades seguintes:	
	-En propiedades ou garaxes con 1 ó 2 prazas será	29,73
	-En propiedades ou garaxes con 3 ó 4 prazas será	30,33

	-En propiedades o garaxes con 4 ó mas prazas será	94,65
B	Por cada reserva de aparcamento (utilización de placa de vado permanente), se abonará a cantidade anual (existan ou non aceras), de	50.56
C	As tarifas descritas nos apartados anteriores, serán acumulativas no caso de existencia de entrada de vehículos a través de aceras e de placa de vado permanente.	
D	Pola venta de cada placa de vado regulamentaria	33,91
	Pola entrada, carga y descarga de mercadorías no interior da cidade, no horario establecido pola ordenanza sobre regulación do tráfico no casco antigo do Concello de Viveiro, ao ano:	
	-TITULARES DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS(Distintivo EC)	60,60€
	-SERVICIOS DE DISTRIBUCIÓN E REPARTO	
	-Distintivo D	60,60€
	-Distintivo DP	60,60€
E	-MERCADO SEMANAL (Distintivo M)	60,60€
	-SERVIZOS ESENCIAIS PARA A COMUNIDADE. (Distintivo S)	60,60€
	-EMPRESAS DE SERVIZO DE COMIDA RÁPIDA, REPARTO ASISTENCIAL DE COMIDA A DOMICILIO, REPARTO URXENTE DE MENCIONAS(Distintivo RR)	60,60€
	-OBRAS(Distintivos O)	60,60€
F	Por cada permiso diario para igual finalidade , ao día:	
	EVENTOS E CELEBRACIÓN (Distintivo EV)	4,83€
	AUTORIZACIÓNS EXTRAORDINARIAS (Distintivo EX)	4,83€

O pago da tarifa E anterior non exime do pago das indemnizacións que poidan corresponder a este Concello cando, con motivo das citadas actividades, se deteriore a vía pública.

3. O importe das cotas desta taxa prorratearase por trimestres naturais nos casos de inicio do proveitamento ou cesamento no mesmo.

4.A concesión das distintas autorizacións e expedición dos distintivos de acceso restrinxido e control establecidas na letra E e F apartado 2 deste artigo 6 rexeráse pola Ordenanza sobre a regulación do Tráfico no Casco Antigo do Concello de Viveiro.

Artigo 7. RESPONSABLES

1. Serán responsables solidariamente das obrigacións tributarias establecidas nesta ordenanza, toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, todas as sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarias das infraccións cometidas neste réxime de tributación.

2. Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas yacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción ás súas respectivas participacións de obrigacións tributarias de devanditas entidades.

3. Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios do seu incumbencia, para o cumprimento das obrigacións tributarias infrinxidas, consentisen no incumprimento por quen dependan deles ou adopten acordos que fixesen posible as infraccións. Así mesmo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigacións tributarias que estean pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesen nas súas actividades.

4. Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigacións tributarias devengadas con anterioridade a devanditas situacións e que sexan imputables aos respectivos suxeitos pasivos.

Artigo 8. EXENCIÓNS,REDUCIÓNS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES.

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 39/88 de 28 de decembro, non se recoñece beneficio tributario algún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou cordos Internacionais ou os previstos en normas con rango de Lei.

O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigados ao pago das taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público polos aproveitamentos inherentes aos servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por todos os que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional

Artigo 9. NORMAS DE XESTIÓN

- 1.As cantidades exixibles con arranxo ás tarifas, liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos de tempo fixados nas respectivas tarifas.
2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licenza e formular a declaración na que consten os elementos que servirán de base para efectuar a liquidación tributaria.
3. Unha vez autorizada a ocupación, se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogada ata que se presente a declaración de baixa polos interesados.
4. A presentación da baixa fornecerá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte ao sinalado nos epígrafes das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obrigaçión de continuar abonando a taxa.

Artigo 10. NORMAS DE RECADACIÓN

O pago da taxa realizarase:

- a) tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesourería municipal ou onde establece o Concello, pero sempre antes de retirar a correspondente licencia.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídas nos padróns ou matrículas desta taxa, na oficina de Recadación Municipal, nos prazos fixados para ese efecto por este Concello.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 5 de novembro de 2025, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa

Viveiro, 26 de decembro de 2025.- A alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 3657

Anuncio

Por medio da presente procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza “Reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario dos servizos de abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiro, depuración de augas residuais e demais servizos e actividades complementarias prestados no Concello de Viveiro”, aprobada a modificación inicialmente na data 5 de novembro de 2025, resultando aprobada definitivamente en data 23 de decembro de 2025, entrando en vigor de acordo co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE, SUMIDOIRO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E DEMAIS SERVIZOS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PRESTADOS NO CONCELLO DE VIVEIRO

ARTIGO 1.DISPOSICIÓN XERAL.

En uso das facultades concedidas polo artigo 31.3 da Constitución Española e da potestade regulamentaria que ten o Concello de Viveiro de conformidade cos artigos 4.1.a) e 84.1.a) da Lei 7/1985 , do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, a través desta Ordenanza Municipal regúlanse os prezos ou tarifas pola prestación dos servizos comprendidos no Ciclo Integral da Auga e outras actividades relacionadas cos mesmos, para o Concello de Viveiro, que se rexeran pola presente Ordenanza non Fiscal Reguladora da Prestación Patrimonial Pública non tributaria polo uso dos servizos de abastecemento de auga potable, sumidoiro e depuración de augas residuais e demais lexislación concordante.

As contraprestacións polo uso dos servizos reguladas na presente ordenanza, que denominaranse xenericamente “**tarifas**” teñen natureza de prestación patrimonial de carácter público non tributario de conformidade co disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais (TRLRHL), constituíndo ingreso propio do xestor de ditos servizos de conformidade co que dispón a Disposición Adicional Primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en relación có artigo 289.2 da Lei 9/2017 , do 8 de novembro , de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do consello 2014/23/UE E 2014/24/UE, de febreiro de 2014.

É imprescindible para garantir o exposto establecer un marco xurídico de regulación dentro do termo municipal, sempre tendo en conta as directrices establecidas na normativa estatal aplicable, na propia da Comunidade Autónoma, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións públicas e 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

ARTIGO 2.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

2.1 O obxecto da presente ordenanza é regular as tarifas dos servizos de abastecemento de auga potable, sumidoiro e depuración de augas residuais, así como outras actividades conexas e complementarias inherentes ao desenvolvemento dos mesmos.

2.2. A presente Ordenanza, así como as tarifas e os dereitos económicos obxecto de regulación nesta norma, serán aplicables ao Concello de Viveiro.

Naqueles casos nos que, de maneira permanente ou transitoria, non se preste a totalidade dos servizos comprendidos no punto 2.1 deste artigo, a presente Ordenanza rexerá só e exclusivamente naqueles termos que sexan de aplicación ao servizo que se estea prestando en concreto.

2.3. Tales servizos xestiónanse de forma indirecta mediante concesión, sendo a empresa concesionaria, a que lle corresponde a titularidade do ingreso, VIAQUA (en diante a concesionaria)

2.4. Constitúe o suposto esixible das tarifas a prestación dos servizos de abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiro e depuración de augas residuais, a través das redes municipais, con cantas actividades técnicas ou administrativas complementarias sexan necesarias a ditos servizos.

2.5. A prestación dos servizos, así como a realización das actividades e obras relacionadas co mesmo a que se refire o artigo 3 desta Ordenanza comportará una contraprestación económica, como tarifa, que percibirá a concesionaria, directamente dos aboados nos termos aprobados polo Concello de Viveiro no contrato de xestión indirecta adxudicado á mesma, e regulados nesta Ordenanza, en aplicación do principio de autofinanciamento do servizo.

Artigo 3.- SERVIZOS PRESTADOS.

3.1 Os servizos que se prestan concrétnanse na dispoñibilidade real ou potencial, ou uso efectivo ou posible, dos servizos e das actividades reguladas na presente Ordenanza, que a continuación se enumeran, e segundo as cotas establecidas no artigo 6:

- Dispoñibilidade, mantemento e utilización do Subministro de auga potable a través da rede de abastecemento municipal. A tarifa a establecer poderá variar en función dos usos e destinos da auga.
- Dispoñibilidade, mantemento e utilización do Servizo de evacuación de excretas, augas negras, e augas pluviais e residuais a través da rede de sumidoiro municipal. A tarifa a establecer poderá variar en función do orixe da auga e a súa carga contaminante.
- Prestación dos servizos técnicos e administrativos complementarios referentes ás actuacións necesarias para realizar a contratación e prestación definitiva ou provisional do subministro de auga potable e/ou evacuacións de augas residuais e a súa depuración, así como o mantemento e conservación de elementos necesarios para a prestación dos servizos recollidos neste artigo 3.

3.2. As relacións entre a concesionaria e o usuario nacidas dos servizos virán reguladas polo contrato de subministro e polas disposicións desta Ordenanza, aplicándose no non previsto nas mesmas as normas técnicas que regulen os servizos.

Artigo 4.- CONCEPTO DE TARIFA.

As tarifas e outros dereitos económicos que debe percibir a concesionaria pola prestación dos servizos, teñen natureza de ingreso non tributario. Por este motivo queda expresamente excluída a aplicación da normativa tributaria con respecto á xestión, facturación, cobro e reclamación dos mencionados ingresos.

Artigo 5.-OBRIGADOS AO PAGO.

5.1. Están obrigadas ao pago das tarifas as persoas físicas e xurídicas e as entidades con ou sen personalidade xurídica propia, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúen unha comunidade económica ou un patrimonio separado susceptible de ser suxeito de dereitos e obrigacións que, sendo titulares do uso da finca abastecida, ostente a condición de aboados, é dicir, que sexa titular do contrato ou póliza de abono.

Son igualmente obrigados ao pago, en concepto de clientes, os peticionarios das acometidas, contratos e reconexións.

5.2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, as persoas que ostenten esta condición de aboadas ou de peticionaria, obrigadas directas a satisfacer a contraprestación de que se trate, poderán repetir o aboadado sobre os ocupantes ou usuarios das fincas beneficiarias dos servizos obxecto desta Ordenanza calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, concesionarios de bens e/ou servizos públicos, titular do dereito de habitación o arrendatario, incluso en precario, xa se trate de título individual ou colectivo. Neste suposto,

a concesionaria é allea ás relacións establecidas entre os afectados, limitándose a prestar o servizo solicitado e percibir a contraprestación establecida polo mesmo na forma sinalada no parágrafo anterior, así como a adoptar as medidas que sobre o mesmo se establecen nesta norma e no Regulamento do Servizo.

5.3 Igualmente, están obrigados ao pago as persoas físicas ou xurídicas e as entidades:

- Cando se trate da concesión de acometida ás redes públicas de abastecemento de auga ou sumidoiro: o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.
- Cando se trate de prestación dos servizos de sumidoiro :os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarias do servizo de saneamento , calquera que sexa o seu título, propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.
- Cando se trate de prestacións de servizos de sumidoiro e depuración de augas residuais:os propietarios, arrendatarios, ou titulares de calquera dereito de uso de fincas que dispoñan de fontes propias de subministro de auga e que realicen vertidos ás redes de sumidoiro ou estean obrigados a conectar as mesmas.

5.4. En caso de separación de dominio directo e útil, a obriga de pago recae sobre o titular deste último.

Artigo 6.- COTAS

As cotas a satisfacer polo obrigado ao pago, serán as resultantes da aplicación das seguintes tarifas:

TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

AUGA

AUGA		TARIFA EUROS
PARA USOS DOMÉSTICOS	Cota de servizo ou mantemento, ao mes	2,17
	Consumo ata 14 m3.(mínimo a facturar), ao trimestre	5,56
	Consumo dende 14 m3 ata 30 m3. cada metro cúbico	0,53
	Consumo dende 14 ata 75 m3., cada metro cúbico	0,56
	Consumo de mais de 75 m3, cada metro cúbico	0,64
PARA USOS INDUSTRIAIS	Cota de servizo o mantemento, ao mes	2,17
	Prezo dl m3 consumido	0,58
CONSERVACIÓN Y RENOVACIÓN DE CONTADORES	Contadores de 13 mm, 15 mm 20 mm, ao mes	0,61
	Contadores de 25 mm y 30 mm, ao mes	1,40
	Contadores de 40 o mais mm, ao mes	4,14

Mínimos trimestrais usos industriais	
a) hoteis, hospedaxes, pensións e sanatorios	49m3
b) cafés ,restaurantes, tabernas e almacens de viños	32m3
c) garaxes particulares, talleres , academias e colexios	27m3
d) tintorerías, panaderías, fábricas de xeo, gaseosas, cines , teatros e fábricas en xeral.	42m3
e) Construcións de obras, garaxe de servizo público e regos	49m3

A tarifa doméstica aplicarase nos usos non tipificados no paragrafo anterior.

TARIFAS DO SERVIZO DE SUMIDOIRO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

A)Polo servizo da rede de sumidoiro:

“A tarifa a esixir pola prestación dos servizos da rede de sumidorios , determinarase en función da cantidade da auga , medida en metros cúbicos, utilizada na finca.

A tal efecto, aplicarase o tipo de 49,33% sobre a facturación total da auga , impostos incluídos. Non se entenderá en ningún caso incluída en dita facturación , o importe correspondente a tarifa pola conservación de contadores, si existira”

B) Polo servizo de depuración de auga:

	Mín.trimestral	TARIFAS	
		CUOTA €/MES	€/m ³
DOMÉSTICO	14 m3	2,56	0,39
HOSPEDAXES, ASILOS E SANATORIOS	49 m3	4,28	0,52
HOSTELERÍA E ALMACENES ALCOHOLES	32 m3	4,28	0,52
GARAXES, TALLERES E INST E COLEXIOS	27 m3	4,28	0,52
FÁBRICAS, TINTORERÍAS, CINES Y TEATROS	42 m3	4,28	0,52
OBRAS, APARCAMENTOS E REGOS	49 m3	4,28	0,52
Sen auga da rede municipal	14 m3	2,56	0,37

Os consumos aplicables serán os rexistrados no contador, establecéndose uns consumos mínimos aplicables ás tarifas de sumidoiro e depuración , que serán os mesmos que os establecidos nas tarifas da auga.

Nos casos nos que exista unha manifesta diferenza entre o volume de auga de vertido e o liquidado no consumo de auga da rede municipal, ou ao mínimo establecido, aplicaranse as medidas correctoras necesarias para liquidar o volume real ou estimado vertido, aplicable aos casos nos que o usuario verte ao sumidoiro augas doutra procedencia distinta do servizo de abastecemento municipal.

Nas anteriores tarifas de auga, sumidoiro e depuración de augas residuais, non está incluído o IVE que, no seu caso, deba devengarse con arranxo á normativa fiscal en vigor.

OUTROS PREZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Establécense as seguintes tarifas cuxos dereitos corresponden directamente ao Concello de Viveiro, polo que serán ingresadas directamente polo usuario na conta bancaria municipal, aplicables respectivamente para o entronque (acometida) e para o contrato (exclúense os cambios de titularidade).

- ENTRONQUE Á REDE DE ABASTECIMENTO POR ACOMETIDA 185,58€

- CONTRATO DE SUMINISTRO (salvo cambio de titularidade) 40,29€

(máis os selos municipais)

- ENTRONQUE Á REDE DE SANEAMENTO POR ACOMETIDA 18.72€

Artigo 7.- MODIFICACIÓN DE TARIFAS

O establecemento ou modificación de tarifas corresponderá ao Pleno da Corporación.

Non obstante ao anterior, a proposta de fixación de tales tarifas corresponderá á entidade concesionaria dos servizos, que deberá presentala coa suficiente antelación e co contido que corresponda.

Artigo 8.-DEVENGO.

8.1 A prestación patrimonial de carácter público non tributario e as tarifas integradas nesta ordenanza se devengaran, nado a obriga de pago das mesmas do xeito que segue:

a) Para o concepto de dereito de acometida: Cando se outorgue a autorización correspondente.

b) Para os demais conceptos: Cando se inicie a prestación do servizo, devengándose logo da dita prestación de forma periódica o día 1 de xaneiro de cada ano. Cando se inicie a prestación de servizo, poderá esixirse, no seu caso, o depósito previo do seu importe total ou parcial ao solicitar dita prestación. Entendese iniciada esta, no momento que se produza a alta no servizo.

c) A obriga de contribuir pola conservación e renovación de contadores nace dende o momento da súa solicitude polo usuario, tendo en todo caso carácter voluntario.

d) Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais teñen carácter obrigatorio para todas as fincas dos municipios que teñan fachada a ruas, prazas ou vías públicas en que existan alcantarillado , sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cincuenta metros , sendo obrigatorio o pago das tarifas aínda cando non se proceda a efectuar acometida á rede.

8.2. O período de imposición e pago será o do ano natural ou o específico que establece esta Ordenanza na disposición final terceira, salvo nos casos de altas no servizo nos que o período de pago abarcará dende a data de alta ata o 31 de decembro de dito ano ou finalización do período impositivo específico, e nos supostos de baixas, no que comprenderá dende o 1 de xaneiro ata o día da presentación da baixa.

8.3. En todo caso, o devengo se producirá con independencia de que se obtivera ou non as autorizacións pertinentes, ou se subscribiran os contratos preceptivos, e sen prexuízo da iniciación dos expedientes administrativos que se deban instruír para a súa autorización e esixencia das responsabilidades que procedan.

8.4. Nos supostos de alta, baixa e cambio de titularidade, a tarifa ratearase por días naturais.

Artigo 9.- PERIODICIDADE DE FACTURACIÓN E PRAZOS DE PAGO.

9.1. A facturación terá unha periodicidade trimestral, realizarase a través da empresa concesionaria nun recibo, no seu caso conxunto con outras tarifas, taxas, tributos ou prezos públicos de titularidade de terceiros, tales como a taxa de lixo, canóns autonómicos etc.. Poderase emitir facturas con periodicidade mensual, só para os grandes consumidores e sempre con carácter de voluntariedade.

9.2. A facturación practicada en virtude desta ordenanza serán obxecto de aprobación por resolución de alcaldía.

As facturas remitiranse pola concesionaria ao domicilio do subministro salvo que o aboado ou obrigado ao pago designase por escrito e con suficiente antelación un domicilio distinto, ou salvo que a petición do obrigado ao pago, ou por imposición legal, proceda facturación electrónica, en cuio caso, as facturas remitiranse por correo electrónico na conta indicada polo aboado ou obrigado ao pago ou notificaranse como dispoña a lexislación aplicable, ou estarán dispoñibles na páxina web da concesionaria.

9.3 No suposto de licenza de acometida ou outras actividades ou servizos non periódicos, o aboado ou usuario virá obrigado a presentar ante a concesionaria a correspondente declaración ou solicitude, segundo modelo determinado por esta, que conterá os elementos imprescindibles para a facturación procedente. Neste caso, e demais supostos amparados polo artigo 3.1.d), a factura se expedirá contra a solicitude do servizo ou cando a concesionaria houbera realizado a actividade que da lugar á obriga de pago se a mesma debe realizarse de oficio e non a solicitude do aboado ou usuario.

9.4 Os importes facturados deberán satisfacerse no prazo de dous meses dende a aprobación da facturación. O retraso determinará a aplicación do tipo de xuro legal do diñeiro, aplicable dende o día seguinte a finalización do período voluntario.

9.5. O pago das débedas poderá realizarse na forma seguinte:

a) Para os obrigados ao pago que domiciliaran o pago das mesmas, mediante cargo bancario na conta da entidade bancaria que sinalaran ao efecto.

b) Para os obrigados ao pago que non domiciliaran o pago das mesmas ou que tendo feito, por calquera causa non tivera satisfeita a débeda, nas oficinas colaboradoras, ou ben a través da Oficina Virtual aloxada no sito web www.viaqua.gal.

9.6. As facturas non satisfeitas no período voluntario reclamaranse por correo certificado con acuse de recibo ou calquera outro medio que permita ter constancia de forma fidedigna da recepción. Transcorridos 6 meses dende a finalización do período voluntario a cantidade a pagar verase incrementada polo xuro por mora. No suposto de rechazo da notificación ou por deficiencias da dirección facilitada polo obrigado ao pago, se especificarán as circunstancias do intento da notificación e terase por efectuado o trámite, quedando expedita a súa reclamación pola vía xudicial ou o inicio do procedemento de corte de subministro, previa consulta cos servizos sociais Municipais, para evitar o corte de subministro a familias que poidan estar en situación de vulnerabilidade económica

9.7. No caso no que por erro a concesionaria facturara cantidades inferiores as debidas poderá acordar co usuario o prazo de pago.

Artigo 10.- FACULTADE DE INSPECCIÓN.

10.1. Os inspectores autorizados estarán facultados, aos efectos desta Ordenanza e do Regulamento do servizo, para visitar e inspeccionar fincas e locais nos que se utilicen as instalacións correspondentes para conectarse ás redes municipais de abastecemento e saneamento, realizar toma de mostras, etc., observando si existe algunha irregularidade.

Terán a consideración de consumos clandestinos os que no preceptivo contrato ou póliza de aboado ou, no seu caso sen a correspondente autorización da concesionaria, e conseguinte pago das tarifas correspondentes, leven a cabo as utilidades ou aproveitamento dos servizos establecidos no artigo 3 da presente ordenanza.

Os actos clandestinos ou calquera outros aos que correspondese tal cualificación, darán lugar á inmediata suspensión do subministro e prestación dos servizos, ser prexuízo das accións legais que poidan corresponder.

Con independencia do anterior, o usuario clandestino verase obrigado a aboar o importe do servizo disposto e non pagado, do que se houbera beneficiado polos servizos que corresponderá, conforme á liquidación que se practique pola concesionaria, ademais dos gastos inherentes á inspección e reposición dos elementos alterados ou danados.

DISPOSICIÓN FINAL.

1.- A presente Ordenanza rexerá unha vez efectuada a publicación da súa aprobación definitiva, de acordo co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

2.- As referencias existentes na documentación contractual á Ordenanza Fiscal reguladora das taxas por subministro de auga potable e servizos de complementarios entenderáse realizadas á presente Ordenanza non tributaria, trala súa entrada en vigor.

3.- Excepcionalmente e para o suposto de que a presente ordenanza ou a súa posible modificación, pola data de tramitación, entre en vigor con posterioridade ao día 1 de xaneiro do ano de aplicación, o momento do devengo retrasase e coincidirá co día primeiro do trimestre natural seguinte.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

Á entrada en vigor da presente Ordenanza non tributaria, quedará derrogada a Ordenanza Fiscal reguladora das taxas por subministro de auga potable e servizos complementarios, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o día 26 de febreiro de 2016, así como a Ordenanza fiscal reguladora da taxa de sumidoiro e depuración de augas residuais.

Viveiro, 26 de decembro de 2025.- A alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 3658